

en masterclasses con, por exemplo, os clarinetistas Joan Enric Lluna, Michael Harris, José Luís Estellés, Antony Pay, Hans Deinzer, Antonio Saiote ou Walter Boeykens, do mesmo xeito que con Donald Blakeslee, tuba solista da *Concertgebouw Orkest de Amsterdam*.

Deu recitais en España, [*L'Auditori de Barcelona, Auditorio Manuel de Falla de Granada*,..], Bélxica, Holanda, Portugal, Francia... iniciando a súa carreira de solista coa *Brabants Conservatorium Orkest*. Tamén tocou como solista coa *Orquesta Sinfónica de Galicia* e gravou para *RNE* [2005].

Posúe unha ampla experiencia orquestral: colabora con asiduidade coa *Orquesta Sinfónica de Galicia*, tamén tocou coa *Orquesta Ciudad de Granada* ou a *Sinfónica de Bilbao*. Esta actividade levouna a tocar en escenarios tan importantes como o *Musikverein de Viena*, a *Kölner Philharmonie* ou o *Auditorio Nacional de Madrid*, entre outros, e lle permitiu traballar con mestres da talla de Michail Jurovski, Jesús López Cobos, Ton Koopman, Alberto Zedda, Christian Zacharias, Dima Slobodeniouk, Lorin Maazel...

Actualmente é profesora de piano no *Conservatorio Superior de Música de A Coruña*, ao mesmo tempo que continúa a súa carreira concertística como solista e dentro do campo da música de cámara.



## *Artemis Ensemble* (1988-2017) agora é *Orphelion* (2018 -) !

En 1988 *Artemis Ensemble* creouse primariamente como un trío de piano coa opción de tocar tamén noutras configuracións. ¡En 2018 *Artemis Ensemble* tivese celebrado o seu trixésimo aniversario! Entón, por que cambiar o nome agora? Por coincidencia, compartimos o nome co excelente e tremendamente exitoso *Cuarteto Artemis*. Unha situación que non é vantaxosa en termos de mostrar unha identidade e un estilo único. Ata agora, *Artemis Ensemble* actuaba principalmente no norte de España e non había perigo inminente de entrar no territorio do *Cuarteto Artemis*, pero a medida que temos máis oportunidades de actuar en Europa, pode haber situacións onde os nosos nomes superpostos poderían crear unha causa da confusión. Discutimos o problema co *Cuarteto Artemis* - Eckart Runge, o violonchelista de *Artemis* é un vello amigo - e chegamos á conclusión de que un cambio de nome sería unha necesidade. O momento para un cambio tan profundo non ven mal, xa que estamos reestruturando os nosos esforzos artísticos. Comezamos como un trío de piano, logo tocamos casi exclusivamente cuarteto de cordas e agora facemos un pouco de todo, tamén aventurámonos en proxectos experimentais, incluíndo diferentes campos da arte como a poesía, a pintura e a danza nos nosos concertos. A partir de agora actuaremos como *Orphelion* trio, *Orphelion* Quartet e *Orphelion* Ensemble e estamos moi entusiasmados coas novas oportunidades que veñen co cambio de identidade.

### ORPHELION (previamente *Artemis Ensemble*)

Foi fundado en 1988 en Viena, ao redor da actividade musical de Deborah Gonsalves e Berthold Hamburger. Desde entón, realizou numerosos concertos por Europa, Asia e América do Sur, formando diversos conxuntos con intérpretes invitados.

O repertorio comprende obras desde a época clásica ata o presente, incluíndo pezas compostas especialmente para a propia agrupación. Cabe destacar a intensa actividade como trío de piano durante máis dunha década coa prestixiosa pianista xaponesa Mariko Moritani e a recente colaboración co célebre pianista madrileño Daniel del Pino.

Actualmente formado por músicos da *Orquesta Sinfónica de Galicia*, ampliou o seu repertorio, centrándose no cuarteto de cordas clásico e trío de piano. En Galicia está presente en numerosas localidades: colabora coas máis importantes Sociedades Filarmonicas en toda Galicia e participa en ocasións especiais, como foron os concertos extraordinarios para o 15º Aniversario da *Orquesta Sinfónica de Galicia*, os ciclos da *Asociación Gallega de Compositores*, ou varias edicións do *Festival Mozart*. Ademais, o *Orphelion* quere fomentar a música de compositores galegos.

Estreou e gravou varias obras da actualidade, incluíndo dous CDs con varias obras galegas. Gran parte dos seus concertos son gravados e emitidos por Radio Televisión de Galicia.

Á parte da actividade concertante, os membros de *Orphelion* están profundamente dedicados ao ensino e a divulgación da música no ámbito pedagóxico. Participan como titores en varios proxectos e festivais xuvenís e realizan concertos didácticos para todas as idades. Entendendo a arte da música como un servizo á sociedade, *Orphelion* está comprometido co benestar dos máis desfavorecidos. Por iso, actualmente está proxectando a sétima tempada de concertos benéficos na Academia Galega de Belas Artes, ademais de manter unha estreita relación con *Aldeas Infantiles SOS*, en Redondela (Pontevedra).

## DEBORAH HAMBURGER (Violín)

Naceu na India, onde comezou os seus estudos musicais con Josic Menzies e Melbourne Halloween. Foi premiada en varios concursos en Mumbai e tamén a nivel nacional. Estudou na *Akademie für Musik und darstellende Kunst de Viena* con Eduard Melkus e Klaus Maetzl e recibiu o título de *Masters in Performance* en 1991. Foi bolsreira polo *Ministerio de Educación* en Austria. Tamén estudou con Milan Vitek en Copenhagen e música de cámara con Georg Ebert, Rudolf Leopold (*Wiener Streichsextett*) e Gerhard Schulz (*Cuarteto Alban Berg*). Foi membro invitado de *EUYO* e realizou unha xira a Inglaterra, Italia, España e a India co mestre Zubin Mehta. Colaborou con orquestras en Austria e Dinamarca. Actuou como solista, e con varias agrupacións de música de cámara en Austria, Alemania, Dinamarca, Inglaterra, Italia, Xapón, a India e España. É co-fundadora do *Artemis Ensemble* (actual *Orphelion*) que desde o ano 1991 actuou en diversas formacións. Comezando como trío de piano, actualmente está composto por un cuarteto de cordas, tendo cuberto un extenso repertorio de obras e estilos. Co *Artemis Ensemble*, Deborah Hamburger participou en numerosos estereos, mesmo de obras escritas para a agrupación, gravacións e retransmisións por radio. Desde 1994, é membro da *Orquesta Sinfónica de Galicia*, ademais de estar moi implicada na ensinanza. Colaborou con varios festivais en España como pedagoga. Os seus alumnos participaron en concursos en España e foron premiados e finalistas en varias ocasións. Tamén exerce regularmente de profesora na *Orquesta Joven de la Orquesta Sinfónica de Galicia*, onde dá clases maxistras e clases de música de cámara.

## BERTHOLD HAMBURGER (Violoncello)

Naceu en Munich, onde comezou os seus estudos de violoncelo en 1980. De 1984 a 1987 estudou no *Richard Strauss-Conservatorium* en Munich como alumno de Heinrich Klug. Nos primeiros anos en Munich tamén estudou canto con Ingrid Bettag no mesmo conservatorio. Aproveitou o seu período de formación en Munich para colaborar en moitas ocasións coa *Orquesta da Radio Baviera* e a *Filarmonía de Munich* baixo a batuta de Sergiu Celebidache. Continuou a súa aprendizaxe de violoncelo na *Academia de Música e Artes Escénicas de Viena* cos profesores Tobias Kühne e Valentin Erben (*Cuarteto Alban Berg*). Durante a súa formación Berthold Hamburger completou os seus estudos asistindo a cursos maxistras e clases de varios chelistas como, entre outros, Radu Aldulescu, Martin Ostertag, Thomas Demenga. En 1991 diplomouse co título *Masters in Performance* e de seguido continuou o seu posgraio con Valentin Erben na mesma academia en Viena. Colaboracións coa *Bruckner Orchester Linz*, *Niederösterreichisches Tonkünstlerorchester* e dúas temporadas como violoncelo principal co *Sinfonieorchester Vorarlberg* completaron a súa formación orquestral. Foi neses anos que naceu a iniciativa de formar o *Artemis Ensemble* (hoxe *Orphelion*), inicialmente como trío de piano, e cuxa actividade se centra actualmente no cuarteto de cordas. Estudou cuarteto de corda en Hannover con Hatto Beyerle (*Cuarteto Alban Berg*) e en 1989 foi invitado a tocar con el e Christian Altenburger os quintetos de Brahms na clausura do *Festival de Música Oberösterreich*. A súa actividade musical, tanto de solista como de música de cámara, levoulle a escenarios en Europa, Xapón, Uruguai, India onde tamén impartiu clases maxistras para novos artistas. Desde 1994, é profesor da *Orquesta Sinfónica de Galicia* e colabora con regularidade como profesor da *Joven Orquesta de la Orquesta Sinfónica de Galicia*, e de intérprete en varios proxectos de música de cámara. Á marxe da música, as súas múltiples inclinacións e intereses o levaron a sumerxirse en actividades entre as que figuran a lutería, a física, a aviación, a astronomía e o atletismo.

## FRANCISCO REGOZO (Viola)

Francisco Regozo Miguéns naceu en Sydney, Australia e estudou Viola con Alex Todicescu e Esther van Strallen. En 1998 conseguiu o seu Diploma de viola no *Sydney Conservatorium of Music*. En Sydney Francisco tocou durante varios anos coa *Sinfónica de Sydney*. Francisco actuou como Principal Viola coa *Orquesta de Cámara do Sydney Conservatorium of Music* baixo a dirección de Wolfram Christ, principal Violista da *Berlin Philharmonic Orchestra* tendo feito numerosas xiras por Europa e Asia. Desde o ano 1999 Francisco é a Viola Principal da *Orquesta Sinfónica de Galicia*.

## TODD WILLIAMSON (Contrabaixo)

Naceu en Texas, EE.UU. Licenciouse en Música na *University of North Texas* e posteriormente realizou o seu *Master of Music* de contrabaixo en *New England Conservatory* de Boston, co profesor Donald Palma. Desde 1997 ata 2002 foi membro da *Orquesta Filarmonica de Hong Kong*, China e desde 2002 ata a actualidade traballa na *Orquesta Sinfónica de Galicia* como contrabaixo co-principal. A súa experiencia en orquestra inclúe formacións como *Sinfónica de Fort Worth*, a *Filarmonía de Boston*, a *Dallas Opera*, a *Sinfónica de Portland* e a *Sinfónica New World*, entre outras. En setembro de 2001 foi invitado como contrabaixo co-principal da *Orquesta Sinfónica de Kyushu* en Fukuoka, Xapón e durante os anos 2010 ata 2015 colaborou en moitas ocasións coa *Orquesta Gulbenkian* en Lisboa como contrabaixo principal. Durante a súa carreira colaborou con distintos grupos de música de cámara como: *Auros* en Boston, *Orquesta de Cámara Pro Arte*, *Toho Gakuen* en Tokio, Xapón, *CAMERALIA* en Santiago de Compostela e na actualidade co Grupo Instrumental *Siglo XX*, *Camerata Boccherini* e a *Sinfonietta* da *OSG*.

## ALICIA GONZÁLEZ PERMUY (Piano)

Nace en 1978 en Lalín [Pontevedra], onde comeza a estudar piano e violín á idade de sete anos. En 1995 prosegue os seus estudos en *L'Escola de Música de Barcelona* con Albert Attenelle [piano] e Jordi Mora [música de cámara], ao mesmo tempo que asiste a diferentes cursos con Irina Zariskaya, Manuel Carra, Almudena Cano, Josep Colom, ... En 1999 obtén unha bolsa da Deputación Provincial da Coruña e trasládase a Holanda, onde realiza os estudos de Postgraduado no *Brabants Conservatorium de Tilburg* con Ton Demmers [piano] e Jan Gruithuyzen [música de cámara]. Se gradúa en 2002 con mención especial "*Summa Cum Laude*" e é elixida entre os mellores alumnos do último curso para tocar no "*Laureatenconcert*". Tras terminar o Postgraduado continúa os seus estudos con Jan Wijn, recoñecido pianista e pedagogo holandés.

Obtén diversos premios e diplomas: 3º Premio no III Concurso "Ciudad de Segovia" [1994], Premio de Honra "*Fin de Grado Medio*" [Lalín, 1996], Diploma de "*Licenciate in Pianoforte Playing*" da *Guidhall School of Music and Drama* [Londres, 1996], 3º Premio en el *XII Concurso Internacional de Piano* [Berga, 1997], Matrícula de Honra [10º de piano] e Premio Fin de Carreira [A Coruña, 2001], Diploma de Postgraduado, Master Degree [Tilburg, Holanda, 2002], Finalista do *VIII Ciclo de Jóvenes Intérpretes* [Fundación Barrié de la Maza, A Coruña, 2003], 2º Premio no *I Concurso de Piano* organizado pola ASGAIM e *Premio á Mellor Interpretación de Música Galega* [A Coruña, 2004], *Premio Especial á Mellor Pianista acompañante no 3º Certamen Nacional de Interpretación Intercentros* [Madrid, 2004]. Realiza un intenso labor como pianista acompañante, destacando o traballo que desempeña en